

## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

### INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números E1 e E110, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 150 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. Cal dos seguintes signos de insuficiencia cardíaca se considera **MÁIS** específico?:

- A) Presión venosa xugular elevada.
- B) Ortopnea.
- C) Bendopnea.
- D) Crepitantes na auscultación pulmonar.

2. De acordo coas "2015 ESC Guidelines for the diagnoses and management of pericardial diseases" na pericardite aguda describíronse os seguintes factores de risco maiores asociados con mal pronóstico, **EXCEPTO**:

- A) Febre alta (maior de 38 graos C).
- B) Curso subagudo (síntomas durante varios días sen un inicio claro agudo).
- C) Evidencia de gran derrame pericárdico (maior de 20 mm).
- D) Miopericardite.

3. **Sinale a resposta FALSA** en relación co ductus arterioso persistente (DAP):

- A) Non se recomenda o peche do DAP en pacientes con fisioloxía de Eisenmenger e en pacientes con desaturación das extremidades durante o exercicio.
- B) A resonancia cardíaca é a técnica clave no diagnóstico e proporciona non só o diagnóstico (que pode ser difícil en pacientes con fisioloxía de Eisenmenger), senón tamén o grao de sobrecarga de volume do VI, a PAP, o tamaño da AP e os cambios no corazón dereito.
- C) Recoméndase o peche con dispositivo como método de elección cando sexa tecnicamente adecuado (recomendación clase I con nivel de evidencia C).
- D) A formación de aneurismas no DAP é unha complicación moi rara.

4. Nun paciente cunha miocardiopatía dilatada debido a unha mutación patoxénica no xene de lamina (LMNA A/C) identificáronse (de acordo coas guías americanas e europeas sobre arritmias cardíacas e prevención de morte súbita) catro factores de risco relacionados coa presenza de arritmias ventriculares malignas. Un dos mencionados a continuación é **FALSO**:

- A) Presenza de taquicardias ventriculares non sostidas en estudo Holter.
- B) FEVI menor do 45% na primeira avaliación.
- C) Sexo feminino.
- D) Ser portador dunha mutación "non-missense" (inserción, deleción, truncamentos ou mutacións que afectan ao "splicing").

5. Segundo as últimas guías da ACC/AHA de valvulopatías, podemos afirmar en relación co tratamento da estenose aórtica o seguinte EXCEPTO:

- A) A elección de prótese biolóxica fronte a mecánica debe realizarse en función da idade e características de cada paciente sabendo que a deterioración estrutural dunha prótese biolóxica a 15 anos é de media do 22% nos pacientes de 50 anos, do 30% nos pacientes de 40 anos e do 50% nos pacientes de 20 anos
- B) Nos pacientes maior de 65 anos que requiran substitución valvular aórtica é razoable elixir unha bioprótese fronte a unha prótese mecánica
- C) En pacientes sintomáticos de 65-80 anos con estenose aórtica severa sen contraindicación anatómica para o implante de TAVI pode recomendarse substitución válvular aórtica cirúrxica ou TAVI aínda que a durabilidade das válvulas transcater máis aló de 5-6 anos non sexa aínda ben coñecida
- D) Nos ensaios clínicos publicados a mortalidade da TAVI implantada por vía diferente á transfemoral é superior á mortalidade da substitución valvular aórtica

6. En cal das seguintes situacións NON se recomenda a profilaxe da endocardite?:

- A) Neno de 5 anos con transposición de grandes vasos reparada mediante a técnica de Rastelli.
- B) Adolescente de 13 anos portador de Fontan modificado desde os 4 anos de vida.
- C) Paciente de 25 anos con transposición de grandes vasos reparada mediante a técnica de Jatene.
- D) Paciente de 50 anos con estenose aórtica severa por válvula aórtica bicúspide portador de bioprótese aórtica desde hai 3 anos.

7. Nun paciente home de 50 anos con enfermidade de Fabry, que presenta hipertrofia ventricular severa e xa sufriu un transplante renal é todo certo, EXCEPTO:

- A) Precisa revisións oftalmolóxicas.
- B) Precisa revisións do seu nivel auditivo.
- C) Precisa revisións neurolóxicas.
- D) Toda a súa descendencia (fillas e fillos) debe ser estudada.

8. Cal dos seguintes casos ten MAIOR peso de evidencia para implantar un Holter subcutáneo segundo as últimas guías da sociedade europea de cardioloxía para o diagnóstico e manexo do síncope?:

- A) Paciente con caídas inexplicables.
- B) Paciente con sospeita de síncope reflexo con episodios sincopais frecuentes ou graves.
- C) Paciente con síncope recorrente sen criterios de alto risco e alta probabilidade de recurrencia dentro da vida útil do dispositivo.
- D) Paciente con síncope sen criterios de alto risco nos que tras unha avaliación xeral non se demostrou a causa nin levou a instaurar tratamento específico, e que non teñen indicación de prevención primaria mediante implante de desfibrilador.

9. Entre as causas de HTA secundaria atópase o síndrome de Gordon que se caracteriza por:

- A) Hiperpotasemia, alcalose metabólica, actividade de renina plasmática baixa, concentración plasmática de renina baixa e concentración plasmática de aldosterona baixa
- B) Hipopotasemia, acidose metabólica, actividade de renina plasmática baixa, concentración plasmática de renina baixa e concentración plasmática de aldosterona alta
- C) Hipopotasemia, alcalose metabólica, actividade de renina plasmática baixa, concentración plasmática de renina baixa e concentración plasmática de aldosterona baixa
- D) Hiperpotasemia, acidose metabólica, actividade de renina plasmática baixa, concentración plasmática de renina baixa e concentración plasmática de aldosterona baixa

**10. Indique que aseveración é FALSA:**

- A) A nicturia é un síntoma tardío frecuente nos pacientes con insuficiencia cardíaca congestiva.
- B) A anorexia, as náuseas, os vómitos e os cambios na visión son signos importantes de intoxicación dixitálica.
- C) A rouqueira pode deberse á compresión do nervio larínxeo recorrente por un aneurisma aórtico, unha dilatación da arteria pulmonar ou un aumento considerable do tamaño da aurícula esquerda.
- D) A tose causada pola hipertensión venosa pulmonar secundaria a unha insuficiencia ventricular esquerda ou unha estenose mitral adoita ser seca, irritativa, espasmódica e nocturna.

**11. En relación coas recomendacións das guías europeas de síndrome coronarios crónicos do ano 2019 sobre fármacos anti-Isquémicos, sinala a resposta INCORRECTA:**

- A) Está indicado o tratamento de primeira liña con Beta-bloqueantes ou antagonistas do calcio para controlar a frecuencia cardíaca e os síntomas.
- B) Débese considerar a administración de nitratos de acción prolongada como primeira liña de tratamento.
- C) Se os síntomas de anxina non se controlan adecuadamente cun Beta-bloqueante ou un antagonista do calcio, débese considerar a combinación dun beta-bloqueante cun antagonista do calcio dihidropiridínico.
- D) Recoméndase a administración de nitratos de acción curta para o alivio inmediato da anxina de esforzo.

**12. Respecto á síndrome de Marfan, é FALSO que:**

- A) Desaconséllase que as mulleres cun diámetro da raíz aórtica maior de 45 mm queden embarazadas sen unha reparación previa debido ao maior risco de disección.
- B) Existe un risco de transmisión do 50% tanto para homes como para mulleres.
- C) Cunha raíz aórtica de 40-45 mm, o crecemento aórtico previo e os antecedentes familiares son factores importantes cando se considera a posible reparación antes do embarazo.
- D) Despois da reparación da aorta ascendente, os pacientes con Marfan non presentan risco de disección do resto da aorta.

**13. Respecto á miocardiopatía arritmoxénica é FALSO que:**

- A) A presenza de ondas T investidas nas derivacións laterais e/ou inferiores suxire afectación do VI en pacientes con displasia/miocardiopatía arritmoxénica de ventrículo dereito.
- B) As ondas épsilon no electrocardiograma reflicten unha condución retardada no ventrículo dereito.
- C) A displasia/miocardiopatía arritmoxénica do ventrículo dereito é unha enfermidade que afecta ás unións actina-miosina.
- D) A displasia/miocardiopatía arritmoxénica do ventrículo dereito é a miocardiopatía arritmoxénica mellor caracterizada na actualidade.

**14. A onda J ou onda de Osborn nun electrocardiograma, débenos facer sospeitar a presenza de:**

- A) Hipernatremia.
- B) Hiponatremia.
- C) Hiperpotasemia.
- D) Hipotermia sistémica.

15. Dentro das recomendacións dadas polas "2019 ESC Guidelines on diabetes, pre-diabetes, and cardiovascular diseases" para o manexo da presión arterial en pacientes con diabetes e prediabetes, todo é certo EXCEPTO:

- A) Recoméndase que os pacientes con hipertensión e diabetes mellitus sexan tratados de forma individualizada. O obxectivo da Presión Arterial Sistólica é 130 mmHg e menor de 130 mmHg si se tolera, pero non menor de 120 mmHg.
- B) En persoas maiores de 65 anos, o obxectivo da Presión Arterial Sistólica está nun rango de 130 a 139 mmHg.
- C) As estatinas son o tratamento de elección para a dislipemia en pacientes diabéticos.
- D) Entre os betabloqueantes, demostrouse que carvedilol non afecta a sensibilidade á insulina en pacientes con síndrome metabólico.

16. En relación coas últimas recomendacións da AHA/ACC de tratamento con antiagregantes en pacientes con bioprótese sinale a resposta MENOS correcta:

- A) En pacientes con prótese mecánica aórtica ONX sen factores de risco tromboembólico é razoable utilizar un antivítamina K cun INR en rango de 1.5 a 2 asociando aspirina 85 mg diarios despois máis de 3 meses tras a cirurxía
- B) En pacientes con prótese mecánica en posición mitral está indicada a anticoagulación con antivítamina K alcanzando rangos de INR de 3
- C) En pacientes con bioprótese mitral ou aórtica é razoable utilizar antivítamina K para conseguir un INR de 2.5 polo menos 3 meses e un máximo de 6 meses tras a cirurxía
- D) En pacientes con TAVI é razoable o uso de 75-100 mg de aspirina diarios se non hai outras indicacións para anticoagulación

17. Na valoración ecocardiográfica dunha pericardite constrictiva, cal dos seguintes NON esperas encontrar?:

- A) Aumento do fluxo transmitral superior ao 25 % coa inspiración.
- B) Incremento do tempo de relaxación isovolumétrico coa inspiración.
- C) Onda E' medial no Doppler tisular con velocidade maior de 8 cm/s.
- D) Inversión do fluxo diastólico despois do inicio da espiración en vens suprahepáticas.

18. Respecto ao electrocardiograma dun infarto agudo de miocardio, sinale a resposta INCORRECTA:

- A) As ondas Q anormais indican que o paciente sufriu un infarto transmural e non un subendocárdico.
- B) A elevación isquémica do segmento ST e as ondas T hiperagudas son o primeiro signo de infarto agudo de miocardio.
- C) A inversión das ondas T durante a isquemia evolutiva ou crónica se correlaciona cunha maior duración dos potenciais de acción ventriculares, e estes cambios isquémicos adoitan asociarse a unha prolongación do intervalo QT.
- D) A inversión das ondas T pode desaparecer ao cabo de varios días ou semanas, ou persistir de forma indefinida.

19. Elixe o tratamento anti-anxioso de elección nunha muller de 81 anos, diabética, con fracción de exección ventricular esquerda conservada, cuxa frecuencia cardíaca basal é 48 lpm e a súa tensión arterial é 130/85 mmhg.

- A) Calcio-antagonistas dihidropiridínicos ou beta-bloqueantes a doses baixas como primeira liña, nitratos de acción prolongada como segunda liña, e en pasos posteriores a adición de trimetazidina.
- B) Calcio-antagonistas dihidropiridínicos como primeira liña, nitratos de acción prolongada como segunda liña, e en pasos posteriores a adición de ranolazina ou trimetazidina.
- C) Beta-bloqueantes a doses baixas como primeira liña, calcio-antagonistas dihidropiridínicos ou nitratos de acción prolongada como segunda liña, e en pasos posteriores a adición de ranolazina ou trimetazidina.
- D) Nitratos de acción prolongada como primeira liña, calcio-antagonistas dihidropiridínicos como segunda liña, e en pasos posteriores a adición de ranolazina ou trimetazidina.

20. A onda T pode ir seguida dunha onda adicional de pouca amplitude, denominada onda U. Sinale a resposta FALSA sobre esta onda U:

- A) Adoita ter unha amplitude inferior a 0,1 mV.
- B) Ten normalmente a mesma polaridade que a onda T precedente.
- C) Acada o seu tamaño máximo nas derivacións precordiais e a frecuencias cardíacas altas.
- D) Ignórase a súa orixe electrofisiolóxica exacta.

21. Na anomalía de Ebstein, sinale a resposta FALSA:

- A) Caracterízase por presentar formación anormal e desprazamento apical das valvas da válvula tricúspide.
- B) Os síntomas clave son as arritmias (a taquicardia reentrante auriculoventricular é a máis común), disnea, fatiga, mala tolerancia ao exercicio, dor no peito e cianose periférica e/ou central.
- C) Os trastornos sintomáticos do ritmo deben tratarse de forma conservadora xa que o tratamento con catéter das arritmias non demostrou bos resultados.
- D) Recoméndase a reparación cirúrxica en pacientes con insuficiencia tricúspide severa e síntomas ou deterioración obxectivo da capacidade de exercicio (recomendación I, nivel de evidencia C).

22. Segundo as últimas guías da ACC/AHA de valvulopatías, en relación co seguimento da estenose aórtica é importante saber que (indica a FALSA):

- A) Aínda que existe variabilidade individual en pacientes con esclerose aórtica con áreas de calcificación valvular focal e engrosamento de veos, con velocidade transvalvular aórtica menor de 2,0 m/ s a progresión a severa ocorre nun 10% dos pacientes en 5 anos
- B) Nun paciente con estenose aórtica severa con velocidade maior ou igual a 4 m/ s a velocidade de progresión dos síntomas é rápida cunha supervivencia libre de eventos de 30-50% en 2 anos.
- C) Na estenose aórtica moderada (velocidade de 3.0-3.9 m/ s) a media de progresión anual da velocidade transvalvular é de 0.3 m/ s o aumento do gradiente de presión media é de 9 mmHg e o aumento da área válvula aórtica é de 0.1 cm<sup>2</sup>
- D) En pacientes con estenose aórtica severa asintomáticos a supervivencia é similar á dos controis da mesma idade

23. Varón de 82 anos, diabético, con insuficiencia renal crónica (CKD-EPI 51 ml/min/1.73 m<sup>2</sup>) e historia de infarto agudo de miocardio previo con enfermidade de 1 vaso (CD) revascularizado percutáneamente hai 3 anos hipertenso, sen outros antecedentes de interese, que ingresa por infarto agudo de miocardio con elevación do segmento ST de localización anterior en clase Killip 1. No cateterismo presentaba un oclusión trombótica da descendente anterior medio que se tratou con implante dun stent farmacoactivo. Ao alta FEVI 45%. Non historia previa de sangrados e hemoglobina á alta 13.4 g/dL. Sinale a resposta MÁIS adecuada en relación ao manexo antitrombótico en base ás últimas recomendacións da Sociedade Europea de CardioloXía:

- A) Deberíase prescribir dobre antigregación con clopidogrel 75 mg cada 24 horas durante 6-12 meses.
- B) Deberíase prescribir pauta longa de dobre antigregación con clopidogrel 75 mg cada 24 horas durante máis de 12 meses.
- C) Deberíase prescribir dobre antigregación con ticagrelor 90 mg cada 12 horas ou prasugrel 10 mg cada 24 horas durante 6-12 meses.
- D) Deberíase prescribir pauta longa de dobre antigregación con ticagrelor 90 mg cada 12 horas ou prasugrel 5 mg cada 24 horas durante máis de 12 meses.

24. Cal das seguintes recomendacións diagnósticas en relación coa válvula aórtica bicúspide é MENOS correcta segundo as últimas guías da ACC / AHA de valvulopatías?

- A) En pacinetes con aorta bicúspide, debe realizarse un ecocardiograma transtorácico para avaliar a gravidade da estenose e regurgitación aórtica, a morfoloxía e o diámetro da aorta sinusal e aorta ascendente e descartar a existencia de coarctación aórtica.
- B) En familiares de primeiro grao de pacientes con válvula aórtica bicúspide, debe realizarse un screening con ecocardiograma transtorácico para descartar a válvula aórtica bicúspide, a dilatación da aorta sinusal e da aorta ascendente.
- C) En pacientes con aorta bicúspide aos que se lles substitúe a válvula aórtica, é razoable realizar probas de imaxe en serie da aorta despois da cirurxía se o diámetro da aorta sinusal ou o da aorta ascendente é maior de 4,0 cm
- D) En pacientes con aorta bicúspide e indicación para a substitución da válvula aórtica e un diámetro na aorta sinusal ou aorta ascendente maior ou igual a 4,5 cm, é razoable substituír a aorta sinusal e/ou a aorta ascendente se a cirurxía se realiza nun corazón valvular experto centro de enfermidades.

25. Nun paciente de 68 anos con síncope reflexo, cal das seguintes opcións de tratamento ten un MENOR peso de evidencia segundo as últimas guías da Sociedade Europea de CardioloXía para o diagnóstico e manexo do síncope?:

- A) Estimulación cardíaca para reducir recurrencias, en caso de resposta cardioinhibidora na mesa basculante, con síncope recorrente, frecuente e impredecible.
- B) Estimulación cardíaca para reducir recurrencias, en caso de síndrome do seno carotídeo, con síncope recorrente, frecuente e impredecible.
- C) Estimulación cardíaca para reducir recurrencias, en caso de pausas asistólicas asintomáticas superiores a 3 segundos secundarias a paros sinusais.
- D) Axustar ou suspender medicación hipotensora, se o mecanismo do síncope é vasodepresor.

**26. Respecto ao tratamento da endocardite infecciosa sobre válvula nativa, cal das seguintes opcións consideras INCORRECTA?**

- A) A combinación de vancomicina máis ceftriaxona é unha opción aceptable para o tratamento empírico dos microorganismos máis frecuentemente implicados, mentres os hemocultivos están pendentes.
- B) En casos de estafilococo aureus sensible a meticilina, a monoterapia con oxacilina é unha opción adecuada.
- C) En casos de enterococo faecalis, a combinación de ampicilina con gentamicina durante 2 semanas seguida de monoterapia con ampicilina durante 4-6 semanas ten unha eficacia similar respecto ao tratamento estándar con ampicilina e gentamicina durante 4-6 semanas.
- D) En casos de estafilococo aureus resistente a meticilina, a combinación de daptomicina con vancomicina demostrou superioridade respecto á monoterapia con daptomicina nun ensaio clínico randomizado.

**27. Señala a opción INCORRECTA respecto á presenza de realce tardío na resonancia cardíaca en casos de miocardiopatía dilatada:**

- A) Identifícase como predictor de arritmias.
- B) Identifícase como predictor de morte súbita.
- C) A súa progresión durante o seguimento relaciónase con mal pronóstico.
- D) Adóitase localizar a nivel subendocárdico.

**28. Que pacientes con insuficiencia cardíaca con fracción de exección preservada presenta valores baixos nas secuencias de T1 mapping na resonancia cardíaca?:**

- A) Amiloidose.
- B) Cardiopatía isquémica.
- C) Enfermidade de Fabry.
- D) Miocardite.

**29. En relación co tempo de reperfusión no contexto dun IAMCEST, segundo as guías da sociedade europea de cardioloxía, ano 2017, sinala a resposta INCORRECTA:**

- A) O tratamento de reperfusión está indicado para todo paciente con síntomas de isquemia de duración menor ou igual a 12 h e elevación persistente do segmento ST, aínda que debe considerarse a estratexia sistemática de ICP primaria para pacientes que tardan en presentarse tras a aparición dos síntomas (12-48 h).
- B) Se a ICP primaria non se pode realizar nos prazos recomendados tras o diagnóstico de IAMCEST, recoméndase a fibrinolise nas primeiras 36 h tras a aparición dos síntomas para os pacientes sen contraindicacións.
- C) Para pacientes con síntomas máis de 12 h, está fortemente indicada a estratexia de ICP primaria en presenza de síntomas compatibles con isquemia, inestabilidade hemodinámica ou arritmias potencialmente mortais.
- D) Recoméndase angiografía temperá (primeiras 24 h) en caso de alivio completo dos síntomas e normalización do segmento ST espontánea ou tras a administración de nitroglicerina (sempre que non haxa recorrencia dos síntomas nin elevación do segmento ST).

**30. Respecto aos ultrasonidos en ecocardiografía, cal das seguintes opcións é INCORRECTA?:**

- A) A capacidade de penetración dos ultrasonidos relaciónase directamente coa potencia e lonxitude de onda e inversamente coa frecuencia.
- B) A frecuencia de repetición de pulsos diminúe a medida que aumenta a profundidade.
- C) A resolución axial diminúe co aumento da frecuencia do ultrasonido.
- D) A maior tamaño do sector menor será a frecuencia de repetición de pulsos.

31. Sinala a opción **INCORRECTA** en canto ao comportamento da frecuencia cardíaca (FC) na ergometría:

- A) A incompetencia cronotrópica pode conlevar unha maior probabilidade de enfermidade arterial coronaria.
- B) O valor do "índice cronotrópico" por debaixo do cal se considera unha resposta da frecuencia cardíaca compatible con incompetencia cronotrópica é menor do 85%.
- C) Unha "taxa de recuperación cardíaca" atenuada considérase unha manifestación de incompetencia cronotrópica e é predictivo de mortalidade e enfermidade coronaria.
- D) A porcentaxe da frecuencia cardíaca alcanzada para a idade (fórmula de Astrand) calcúlase coa seguinte fórmula:  $[(FC \text{ pico} / (220 - \text{edad})) \times 100]$ .

32. Cal dos seguintes tratamentos ten demostrado un beneficio en diminución da mortalidade en pacientes con insuficiencia cardíaca con fracción de exección en rango intermedio/levemente deprimida?:

- A) Ivabradina en pacientes con frecuencia cardíaca maior de 70 latidos por minuto.
- B) Ferro carboximaltosa con niveis de ferritina menores de 100 ng/mL.
- C) Upgrade a marcapasos resincronizador en pacientes con recambio electivo de marcapasos e estimulación ventricular maior do 90 %.
- D) Ningún dos anteriores.

33. Ante un paciente con taquicardia de complexo QRS estreito sen diagnóstico establecido e sen inestabilidade hemodinámica, o plan terapéutico a seguir recomendado polas guías de práctica clínica sería:

- A) Primeiro manobras vagais. Se son inefectivas, adenosina intravenosa (6–18 mg). Se é inefectiva, calcio-antagonistas non dihidropiridínicos intravenosos ou beta-bloqueantes intravenosos. Se son inefectivos, proceder a cardioversión sincronizada.
- B) Primeiro manobras vagais. Se son inefectivas, adenosina intravenosa (6–18 mg). Se é inefectiva, amiodarona intravenosa. Se é inefectiva, proceder a cardioversión sincronizada.
- C) Primeiro manobras vagais. Se son inefectivas, adenosina intravenosa (6–18 mg). Se é inefectiva, calcio-antagonistas non dihidropiridínicos intravenosos ou beta-bloqueantes intravenosos. Se son inefectivos, amiodarona intravenosa. Se é inefectiva, proceder a cardioversión sincronizada.
- D) Primeiro manobras vagais. Se son inefectivas, adenosina intravenosa (6–18 mg). Se é inefectiva, flecainida intravenosa. Se é inefectiva, proceder a cardioversión sincronizada.

34. Ante unha emerxencia HTA podemos empregar: (sinala a **MÁIS** correcta, segundo as Guías da sociedade Europea de Cardiología de 2018)

- A) Esmolol a unha dose de 0,5–1,5 mg/Kg iv en bolo; 50–300  $\mu$ g/kg/min en perfusión iv
- B) Labetalol 0,25–1,5 mg/Kg iv en bolo; 2–4 mg/min en infusión iv ata lograr obxectivo de TA
- C) Nitroprusiato 0,3–10  $\mu$ g/kg/min en perfusión iv aumentando 0,5  $\mu$ g/kg/min cada 5 minutos ata lograr obxectivo de TA
- D) Metoprolol 2,5–5 mg iv en bolo de 2 minutos e repetir ata control de TA ou un máximo de 20 mg

35. Nun paciente con insuficiencia cardíaca que ingresa con marcada conxestión, sinala a resposta **INCORRECTA** respecto ao uso do diuréticos:

- A) En xeral, dentro da primeira hora desde o ingreso, debe administrarse alomenos a dose ambulatoria ou o dobre da mesma de forma intravenosa.
- B) Un sodio urinario de 35 mEq/L ás 2 horas xeralmente indica unha adecuada resposta diurética.
- C) Tolvaptan non demostrou unha redución de mortalidade no estudo EVEREST.
- D) O risco de hipopotasemia é maior coas tiazidas que cos diuréticos de asa.

36. Varón de 78 anos, obeso (80 kg, 160 cm), dislipémico, sen outros antecedentes de interese, que ingresa por infarto agudo de miocardio sen elevación do segmento ST en clase Killip 1, con infradesnivel horizontal de 2 mm do segmento ST de V3 a V6, FEVI 45% e hipocinesia marcada anterior. Presenta unha creatinina de 0.9 mg/dL e unha hemoglobina de 11.8 g/dL. Tras administración de nitroglicerina sublingual en urxencias o paciente vólvese asintomático, con normalización dos cambios ECG e sen datos de insuficiencia cardíaca ou inestabilidade hemodinámica. Sinala a resposta MÁIS adecuada en relación ao manexo inicial do paciente en base ás últimas recomendacións da Sociedade Europea de CardioloXía de SCASEST ano 2020:

- A) Deberíase administrar AAS 300 mg e realizar coronariografía nas primeiras 24 horas.
- B) Deberíase administrar AAS 300 mg, fondaparinaux 2.5 mg e realizar coronariografía nas primeiras 24 horas.
- C) Deberíase administrar AAS 300 mg, enoxaparina 80 mg e realizar coronariografía nas primeiras 24 horas.
- D) Deberíase administrar AAS 300 mg, ticagrelor 180 mg, fondaparinaux 2.5 mg e realizar coronariografía nas primeiras 24 horas.

37. Cal dos seguintes non está contemplado nas guías Europeas de valvulopatías de 2017 a ter en conta entre os criterios para decidir substitución valvular aórtico fronte a implante de TAVI e si se contempla nas últimas guías Americanas?

- A) Paciente con válvula aórtica bicúspide
- B) Presenza de fibrilación auricular
- C) Acceso vascular que non permita a TAVI transfemoral
- D) Calcificación subaórtica (tracto de saída de ventrículo esquerdo)

38. Respecto á etioloXía da endocardite infecciosa sobre válvula nativa, cal das seguintes opcións consideras INCORRECTA?:

- A) Os estafilococos coagulasa negativos supoñen aproximadamente un 30 % dos casos.
- B) As bacterias gram positivas supoñen aproximadamente un 80 % dos casos.
- C) O estafilococo aureus supón aproximadamente un 35–40 % dos casos.
- D) Os entereococos supoñen aproximadamente un 10 % dos casos.

39. Varón de 18 anos, triatleta, que acaba de fichar por un club de atletismo profesional. Na revisión rutineira, detéctase unha extrasístole ventricular illada no ECG, motivo polo que se lle repite o ECG volvéndose a documentar a presenza doutra extrasístole ventricular. Asintomático cardiovascular, nunca fora valorado en cardioloXía. Non presenta antecedentes familiares de morte súbita.

- A) Non é necesario realizar máis probas, podendo continuar coa práctica profesional de triatlón.
- B) Débese repetir realizar un anxio-TAC coronario ou unha coronariografía.
- C) Débese colocar un Holter-ECG, considerando derivar a cardioloXía se a densidade de extrasístolia é superior ao 5% dos latexos.
- D) É necesario realizar unha avaliación cardiolóxica específica descartando cardiopatía estrutural e condicións arritmoxénicas.

40. Cal das seguintes indicacións cirúrxicas na endocardite infecciosa NON se considera urxente segundo as últimas guías da sociedade europea de cardioloxía?

- A) Endocardite sobre válvula mitral nativa con insuficiencia severa en situación de edema agudo de pulmón.
- B) Endocardite sobre válvula aórtica nativa con absceso localizado na unión mitroaórtica no ecocardiograma de control aos 6 días do diagnóstico.
- C) Endocardite sobre válvula mitral protésica con vexetación de 13 milímetros e embolia esplénica.
- D) Endocardite sobre válvula aórtica nativa de 35 milímetros.

41. Segundo as guías de SCASEST do ano 2020 da Sociedade Europea de Cardioloxía, os criterios para considerar MINOCA (infarto de miocardio con arterias coronarias non obstructivas) inclúen os seguintes aspectos, EXCEPTO:

- A) Criterios diagnósticos de infarto agudo de miocardio en base á definición universal de infarto agudo de miocardio.
- B) Arterias coronarias sen necesidade de presentar lesións coronarias.
- C) Arterias coronarias con posibilidade de ter lesións estenóticas inferiores ao 50%.
- D) Resonancia cardíaca normal.

42. Un paciente con insuficiencia cardíaca avanzada realiza unha ergoespirometría cos seguintes resultados: VO<sub>2</sub> pico 15 ml/kg/min, 40 % do predito; equivalente de CO<sub>2</sub> no umbral anaerobio 53; Pet CO<sub>2</sub> basal 25 mmHg e no limiar anaerobio 20 mmHg. Sinala a opción CORRECTA:

- A) Só con estes datos é imposible cuantificar a capacidade funcional. Debo coñecer o comportamento da tensión arterial, a carga alcanzada e a saturación de osíxeno para poder extraer conclusións definitivas.
- B) O paciente presenta unha severa diminución de capacidade aeróbica e unha severa ineficiencia ventilatoria.
- C) A capacidade aeróbica sitúa ao paciente nunha situación estable. Da eficiencia ventilatoria non nos podemos fiar moito, xa que non demostrou nada concreto polo momento.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

43. Nun esforzo por reducir a carga da mortalidade coronaria en adultos asintomáticos, realízanse innumerables estimacións dos factores e marcadores de risco, ademais de probas de esforzo, como parte das probas de cribado da enfermidade. Sinala a resposta CORRECTA segundo as recomendacións da guía europea de prevención de enfermidade cardiovascular de 2016:

- A) Recoméndase estimar o risco total mediante un sistema validado, como o SCORE, para adultos asintomáticos maiores de 30 anos, sen evidencia de enfermidade cardiovascular, diabetes, insuficiencia renal crónica ou hipercolesterolemia familiar.
- B) Recoméndase avaliar a historia familiar de enfermidade cardiovascular prematura (definida como un evento cardiovascular mortal ou diagnóstico confirmado de enfermidade cardiovascular en familiares de primeiro grao varóns menores de 45 anos ou mulleres menores de 55 anos) como parte da avaliación do risco cardiovascular.
- C) Recoméndase o cribado da enfermidade cardiovascular mediante unha escala clínica validada de risco para todos os menores de 50 anos con historia familiar de enfermidade cardiovascular prematura nun familiar de primeiro grao ou hipercolesterolemia familiar.
- D) Recoméndase calcular o grosor intima-media mediante ultrasóns carotídeos para a avaliación do risco cardiovascular.

**44. En relación co publicado nas guías da Sociedade Europea de Cardiología de 2017 sobre indicacións de intervención na estenose tricúspide sinale a MENOS correcta?**

- A) A cirurxía está indicada en pacientes con insuficiencia tricúspide severa que se van someter a cirurxía valvular esquerda
- B) A cirurxía pódese considerar en pacientes con insuficiencia tricúspide lixeira ou moderada con dilatación anular (anel tricuspídeo maior de 40mm ó maior ou igual a  $21 \text{ mm}^2$  por ecocardiografía 2D) que se van someter a cirurxía valvular esquerda
- C) A cirurxía pódese considerar en pacientes con insuficiencia tricúspide lixeira ou moderada se se van someter a cirurxía valvular esquerda independentemente do grao de dilatación anular se previamente se evidenciou fallo do ventrículo dereito
- D) A cirurxía debe considerarse en pacientes con insuficiencia tricúspide severa tras cirurxía valvular esquerda en ausencia de recorrencia de disfunción da valvulopatía esquerda que presentan síntomas ou teñen progresiva dilatación ou disfunción de ventrículo dereito sempre que non teñan severa disfunción de ventrículo esquerdo ou dereito nin hipertensión pulmonar severa

**45. Sinale a situación FALSA. Se auscultamos o corazón do paciente cando se pon en posición de cuclillas o sopro sistólico:**

- A) Da miocardiopatía hipertrófica obstructiva, diminuirá.
- B) Da comunicación interventricular, aumentará.
- C) Da insuficiencia mitral por disfunción dos músculos papilares, diminuirá.
- D) Do sopro sistólico inocente, manterase sen cambios respecto do control.

**46. En relación coas indicacións cirúrxicas dos aneurismas de aorta cal das seguintes é a MÁIS correcta segundo as Guías de Patoloxía da Aorta de 2014 da Sociedade Europea de Cardiología?**

- A) A cirurxía debe considerarse en pacientes con S de Marfán e aneurisma da raíz aortica con diámetro máximo aórtico maior ou igual a 50 mm
- B) A cirurxía está indicada en pacientes con aorta bicúspide e aneurisma da raíz aortica con diámetro máximo aórtico maior ou igual a 50 mm
- C) O TEVAR está indicado en pacientes con aneurisma de aorta descendente con diámetro máximo aórtico maior ou igual a 50 mm
- D) O TEVAR debe considerarse en pacientes con aneurisma de aorta descendente con diámetro máximo aórtico maior ou igual a 55mm

**47. En cal dos seguintes casos sería recomendable tentar unha valvuloplastia mitral percutánea?**

- A) Area valvular mitral de  $1,2 \text{ cm}^2$ , insuficiencia mitral moi lixeira. Válvula con veos con zona media normal e grosor de marxes de 8 mm, con mobilidade de zona media e basal de veos normal, con zonas ecorefrixentes afectando a zona media dos veos e engrosamento ata o terzo distal das cordas tendinosas.
- B) Area valvular mitral de  $1,2 \text{ cm}^2$ , insuficiencia mitral moi lixeira. Válvula con movemento cara adiante en diástole desde a base con engrosamento que se estende por todas as valvas de 8 mm e con zonas ecorefrixentes afectando as marxes dos veos e engrosamento ata o terzo distal das cordas tendinosas
- C) Area valvular mitral de  $1,2 \text{ cm}^2$ , insuficiencia mitral moi lixeira con mobilidade de zona media e basal de veos normal, con veos con zona media normal e grosor de marxes de 8mm, cunha única zona de calcificación e engrosamento ata o terzo distal das cordas tendinosas
- D) Area valvular mitral de  $1,2 \text{ cm}^2$ , insuficiencia mitral moi lixeira con movemento cara adiante en diástole desde a base, con veos grosor de 8 mm, zonas ecorefrixentes afectando a zona media dos veos e engrosamento ata o terzo distal das cordas tendinosas

48. Varón de 72 anos, hipertenso, sen outros factores de risco cardiovascular, que ingresa por infarto agudo de miocardio sen elevación do segmento ST en clase Killip 1, con ondas T negativas en cara inferior, FEVI conservada e hipocinesia leve inferior. A súa función renal é normal (CKD-EPI 70 ml/min/1.73 m<sup>2</sup>) e non ten anemia nin trombopenia. Non presenta ningún outro antecedente médico de interese. Realízase coronariografía en menos de 24 horas que obxectiva enfermidade arterial coronaria de 1 vaso (coronaria dereita distal), que se decide manexar médicamente (sen revascularización) debido a que se trata dun vaso de escaso calibre. Sinale a resposta CORRECTA en relación ao seu tratamento antitrombótico en base ás últimas recomendacións da Sociedade Europea de Cardiología para o manexo do SCASEST, ano 2020:

- A) Deberíase prescribir dobre antiagregación con clopidogrel durante 12 meses.
- B) Deberíase prescribir dobre antiagregación con ticagrelor durante 12 meses.
- C) Deberíase prescribir dobre antiagregación con prasugrel durante 12 meses.
- D) Deberíase prescribir dobre antiagregación, preferiblemente con ticagrelor ou prasugrel, durante polo menos 12 meses, prologando a dobre antiagregación máis aló do primeiro ano se o paciente non presenta anemización ou sangrado relevante no primeiro ano.

49. A síndrome de Da Costa ou astenia neurocirculatoria adoita caracterizarse por todo o seguinte EXCEPTO:

- A) Dor torácica á altura do apex cardíaco.
- B) Dor xorda e persistente que dura varias horas e a miúdo acentúase ou alterna con ataques de punzadas lancinantes e agudas de dor inframamario de 1-2 segundos de duración.
- C) Pode aparecer co estrés emocional ou o cansazo.
- D) Adoitan ser mulleres maiores de 70 anos que acadan puntuacións elevadas nas escalas de depresión.

50. Nas guías da Sociedade Europea de Cardiología para o diagnóstico e tratamento de patoloxía da aorta publicadas en 2014 Cal das seguintes é a MÁIS correcta en relación coas recomendacións para medir a aorta?

- A) Recoméndase que o diámetro máximo do aneurisma se mida perpendicular á liña central do vaso con imaxes 2D de CT sempre que sexa posible.
- B) Os diámetros medidos perpendiculares á liña central do vaso con imaxes reconstruídas a partir de 3D CT son máis exactas e reproducibles que as medidas a partir de cortes axiais especialmente en vasos tortuosos
- C) A variabilidade inter e intraobservador na medición dos aneurismas de aorta abdominal con CT é de 2-4 mm
- D) Comparado co CT a medición de aorta con ultrasóns infraestima as dimensións da aorta adominal ao redor de 2-5 mm.

51. Todas as recomendacións para o manexo da dislipemia con fármacos hipolipemiantes en pacientes con diabetes mellitus son certas EXCEPTO:

- A) Se os triglicéridos non están controlados por estatinas ou fibratos, pódense utilizar doses altas de ácidos graxos omega-3 (4 g/día) de etilo de eicosapentoico.
- B) A asociación de ezetimibe é o segundo chanzo de tratamento cando non se acadan obxectivos de LDLc co tratamento con estatinas.
- C) En pacientes con DM2 con alto risco cardiovascular, recoméndase un obxectivo de LDLc menor de 55 mg/dL ou unha redución de LDLc de polo menos o 50%.
- D) Pódense administrar fibratos en pacientes con DM que son intolerantes ás estatinas e teñen niveis altos de triglicéridos.

52. En relación coas recomendacións de intervención en pacientes con insuficiencia mitral severa primaria cal das seguintes é **MENOS** correcta segundo as guías da Sociedade Europea de CardioloXía de 2017?

- A) En pacientes asintomáticos con insuficiencia mitral severa primaria, función sistólica de ventrículo esquerdo conservada e diámetro telesistólico de ventrículo esquerdo menor ou igual a 45 mm con posibilidade de reparación mitral exitosa e duradeira é razoable a reparación mitral se se realiza nun centro experto en valvulopatías
- B) En pacientes sintomáticos con insuficiencia mitral severa e ventrículo esquerdo con fracción de exección menor do 30% e diámetro telediastólico maior de 55 mm, refractarios a tratamento médico con alta probabilidade de reparación mitral e poucas comorbilidades pódese considerar a cirurxía mitral
- C) A cirurxía mitral está indicada en pacientes asintomáticos con disfunción de ventrículo esquerdo (fracción de exección menor de 60%) e/ou diámetro telesistólico de ventrículo esquerdo maior ou igual a 45 mm
- D) A cirurxía está indicada en pacientes sintomáticos con insuficiencia mitral severa e fracción de exección de ventrículo esquerdo maior do 30%

53. Paciente que se presenta en urxencias con taquicardia de QRS ancho, estable hemodinamicamente. Adminístraselle adenosina presentando diminución gradual da frecuencia con aceleración posterior, sen evidencia de bloqueo aurículo-ventricular. Cal dos seguintes é o diagnóstico **MÁIS** probable?

- A) Taquicardia ventricular fascicular.
- B) Flutter auricular con aberrancia.
- C) Taquicardia auriculoventricular por reentrada con aberrancia.
- D) Taquicardia auricular focal automática con aberrancia.

54. Cal das seguintes afirmacións en relación co tratamento da TA é **MÁIS** correcta?:(segundo as Guías de 2018 da Sociedade Europea de CardioloXía)

- A) En pacientes diabéticos que reciben tratamento antihipertensivo o obxectivo tensional en consulta é menor de 130/80 mmHg
- B) En pacientes con cardiopatía isquémica que reciben tratamento antihipertensivo o obxectivo tensional en consulta debe ser menor de 135/85 mmHg se é ben tolerada
- C) En pacientes diabéticos maior de 65 anos o obxectivo tensional en consulta é menor de 130/80 mmHg
- D) A TA non debe ser menor de 120/70 mmHg en pacientes con cardiopatía isquémica e tratamento antihipertensivo

55. En relación coa selección do modo de estimulación cardíaca/programación en pacientes con bradicardia persistente, sinala a resposta **FALSA**:

- A) En paciente con enfermidade do nodo sinusal está indicado o marcapasos bicameral con preservación da condución aurículo-ventricular espontánea para reducir o risco de fibrilación auricular e accidente cerebrovascular, evitar a síndrome de marcapasos e mellorar a calidade de vida.
- B) Para pacientes con incompetencia cronotrópica débense adoptar as funcións sensibles ao ritmo se son de idade avanzada ou presentan escasa actividade física.
- C) Para pacientes en ritmo sinusal, débese preferir o marcapasos bicameral por riba da estimulación ventricular para evitar a síndrome de marcapasos e mellorar a calidade de vida.
- D) En pacientes con fibrilación auricular e bloqueo recoméndase a estimulación cardíaca ventricular con función sensible ao ritmo.

56. En cal dos seguintes supostos NON é mellor a revascularización cirúrxica fronte á percutánea en pacientes con cardiopatía isquémica estable segundo as guías Europeas de revascularización de 2018?

- A) Paciente con lesión de tronco principal esquerdo e SYNTAX score de 30
- B) Paciente fumador sen outros factores de risco cardiovascular con enfermidade de tres vasos e SYNTAX score de 22
- C) Paciente fumador sen outros factores de risco cardiovascular e con lesión de arteria descendente anterior proximal e enfermidade de dous vasos
- D) Paciente diabético con enfermidade de tres vasos e SYNTAX score de 23

57. En relación co diagnóstico e tratamento da anxina microvascular, sinala a resposta **CORRECTA**:

- A) Os pacientes con anxina microvascular presentan tipicamente anxina relacionada co exercicio, evidencia de isquemia en probas non invasivas, incluídas alteracións rexionais da contractilidade do VI nas probas de esforzo ou tensión, e ausencia de estenose ou estenoses leves ou moderadas (40–60%) consideradas funcionalmente non relevantes.
- B) Pode ser debida a un problema intrínseco da microcirculación (proba de provocación con acetilcolina normal anormal) ou a unha disfunción endotelial (reserva de fluxo coronario anormal menor de 2,0 ou índice de resistencia da microcirculación maior ou igual a 25 unidades).
- C) Se a proba de provocación con acetilcolina é anormal, o tratamento debe ser con bloqueadores beta, inhibidores da enzima de conversión da angiotensina e estatinas.
- D) En pacientes con anxina microvascular, as alteracións na microcirculación asócianse cun exceso de eventos a longo prazo, e en pacientes diabéticos con disfunción microvascular documentada o pronóstico é equiparable ao de pacientes con estenoses coronarias significativas.

58. Cal dos seguintes datos NON esperaría atopar nunha miocardiopatía non compactada?

